



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral Técnica

Edif. Adm. San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
Tlf.: 981 544 513 Fax: 981 544 601



DILIXENCIA DE CONSTANCIA

Esténdoa eu, José Ramón Pardo Cabarcos, subdirector xeral de Réxime Xurídico, para facer constar que a memoria que segue, que leva por título *Memoria explicativa do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Asociación de Comerciantes, Empresarios e Profesionais Centro Comercial Aberto Compostela Monumental*, é unha imaxe obtida mediante o escaneo íntegro da memoria orixinal, que foi asinada de forma manuscrita o 22 de outubro de 2018.

E para que produza efectos cara a súa inscrición no Rexistro de Convenios do Sector Autonómico de Galicia, asino electrónicamente a presente dilixencia.





MEMORIA-EXPLICATIVA

O artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, establece que o Conselleiro é a autoridade superior da Consellería e como tal ostenta a representación do departamento que preside.

No exercicio das súas competencias, o Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza ten previsto formalizar un convenio de colaboración coa Asociación de Empresarios e Profesionais Centro Comercial Aberto Compostela Monumental, en diante a Asociación, para a realización das obras de instalación dun ascensor adaptado no edificio onde se ubica a nova sede da entidade, rúa de Algalia de Arriba número 31 de Santiago de Compostela. O citado local é propiedade da Xunta de Galicia e o seu uso foi cedido á Asociación en réxime de comodato mediante contrato celebrado con data 20 de decembro de 2012.

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no exercicio das súas competencias está a desenvolver diferentes programas e accións encamiñadas a fomentar programas de actividades que reforcen o principio de igualdade e favorezan o empoderamento e a participación das mulleres.

Entre outras actuacións colabora para solucionar situacións sociais problemáticas, ben directamente ou cooperando con institucións que traballan pola integración e mellora da calidade de vida das mulleres con discapacidades, xa que a existencia continuada de discriminacións e prexuízos inxustificables e invisibilizados privan ás mulleres con discapacidade da oportunidade de exercer os seus dereitos en igualdade de condicións.

Entre os fins da Asociación está o de revalorizar o papel da muller no contexto empresarial da economía e o territorio e dende a perspectiva da igualdade de oportunidades, estando a desenvolver na súa sede actividades encamiñadas a mellorar a formación e a empregabilidade das mulleres do concello de Santiago de Compostela, tales como cursos de formación para mulleres desempregadas, cursos de habilidades para a busca de emprego para mulleres desempregadas, cursos de defensa persoal para mulleres, cursos de dependentas, curso para reponedoras, curso para limpadoras de habitacións de





hoteis e pisos, etc

Coas obras de mellora da accesibilidade que está a acometer a asociación téndese a facilitar o acceso das persoas usuarias da asociación en xeral e das mulleres discapacitadas de Santiago de Compostela en particular, ás actividades que está a desenvolver a asociación e para as que actualmente se atopan con dificultades de acceso debido a falla de adaptación das instalacións.

Esta Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza considera necesario colaborar coa Asociación de Empresarios e Profesionais Centro Comercial Aberto Compostela Monumental na realización das citadas obras.

A existencia de asociacións que poidan levar a cabo actividades de interese xeral para os municipios non sería posible sen a axuda e colaboración da Administración Pública, dado o carácter limitado dos recursos municipais, a única maneira de diminuír as diverxencias territoriais é a través de axudas desde a Administración Autonómica.

Para contribuír ao cumprimento deste obxectivo, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza achegará á entidade a cantidade de DEZAOITO MIL EUROS (18.000,00 €) que se imputarán á aplicación orzamentaria 05.21.121A. 781.0 (código de proxecto 2015 00121) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018.

Incorporase ao expediente declaración xustificando a imposibilidade de promover a concorrência pública, de acordo co establecido no artigo 26.2-a), da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións públicas de Galicia.

Na cláusula cuarta do convenio recollese o réxime de xustificación e libramento dos fondos. A achega económica da Consellería realizarase de acordo co previsto nos artigos 28 e 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007.

Por todo o que antecede considérase conveniente a sinatura dun convenio de colaboración coa Asociación de Empresarios e Profesionais Centro Comercial Aberto Compostela





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral Técnica

galicia

Monumental para a realización das obras de instalación dun ascensor no edificio onde se ubica a nova sede da entidade, rúa de Algalia de Arriba número 31 de Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela,

22 OUT. 2018

A Secretaría Xeral Técnica

Beatriz Cuiña Barja



